

TEMA 14

I. A LINGUA GALEGA NO TEMPO DO REXURDIMENTO

1. GALICIA NO SÉCULO XIX

1.1. A situación socioeconómica

Galicia=rural, economía precapitalista, agraria e mariñeira. Foros e minifundio.

Pouca industria (só destaca a conserveira=fomentadores e industriais cataláns)

Falta de infraestruturas e deficiencias nas vías de comunicación (marxinación política)

Demografía= sangría migratoria (crise agraria)

1.2. Contexto político

Galicia deixa de existir como unidade política ao ser dividida en catro provincias. Esta reforma provoca o nacemento do primeiro movemento de carácter galeguista, o Provincialismo.

1.3. A evolución do pensamento galeguista

Estado centralista = maior marxinación de Galicia. Preocupación polo futuro de Galicia

Provincialismo=(1849-1864) reivindica a unidade de Galicia fronte ao novo deseño provincial, defende postulados liberais e antiabsolutistas, protesta contra a marxinación e salienta o carácter diferencial do pobo galego. Liderado por Antolín Faraldo (levantamento de 1846, mártires de Carral). Defensa incondicional do país e da súa identidade. Nova valorización do idioma como máximo sinal colectivo do pobo galego.

Rexionalismo= Manuel Murguía, *Los precursores*(1886), marca o plano teórico. Cadra co Rexurdimento literario. Defensa dun pasado histórico celta, pervivencia dunha lingua e cultura propias. Fai do idioma a bandeira das súas reivindicacións. Demanda a descentralización e reparto de competencias.

2. A LINGUA GALEGA NO SÉCULO XIX

2.1. Axentes da castelanización

Incremento no ritmo e na intensidade do proceso de penetración e de imposición do castelán.

-Medios de comunicación escritos

-Incremento no número de escolas de educación primaria (Lei Moyano, 1857)

-Reforzo do aparello administrativo estatal

-Elementos burgueses de orixe foránea

-Influxe da emigración transoceánica a países de fala hispana

Actitudes despectivas cara ao galego e prexuízos sobre as súas capacidades e características.

2.2.As institucións do Estado centralista como motores da castelanización

2.2.1.A Administración

Emprego do español en ámbitos concretos da vida social e administrativa. Marxinan o galego.

2.2.2.A Escola pública

Deixa de estar baixo a tutela da Igrexa católica e pasa a mans do Estado. Marxinación explícita do idioma. A escola é un dos principais focos de castelanización.

2.3.Valoracións sociais, ámbitos e niveis de uso do galego

Fenómenos contrapostos. Perde falantes, pero recupera a categoría de lingua literaria e de cultura (Rexurdimento).

As capas altas instálanse no monolingüismo en español; as clases medias das vilas e cidades costeiras tórnanse bilingües diglósicas e no mundo rural, comeza a quebrarse o monolingüismo no noso idioma.

Interferencias lingüísticas (castrapo).